

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027903	IES Eduardo Blanco Amor	Culleredo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	5
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	6
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A participación do centro educativo nun proxecto metodolóxico de aprendizaxe-servizo en colaboración con dous centros de maiores: unha residencia privada e un centro de día público, xunto co traballo cos ODS, en particular co obxectivo número 13, acción polo clima, pero sen esquecer os obxectivos 2, fame cero, 3, saúde e benestar, 5, igualdade de xénero, e 12, produción e consumo responsables, conforman os fundamentos da seguinte programación didáctica.

A investigación, experimentación, análise e comunicación do aprendido aplicarase ao cultivo, inicialmente de plantas aromáticas, ao deseño de prototipos de aforro de auga, inicialmente nos sistemas de rego, e ao estudo do cambio climático, especialmente no relacionado co aumento da temperatura do planeta e as súas implicacións na elevación do nivel do mar na contorna próxima.

Este é o noso proxecto. Dende a análise de necesidades e a investigación, pasando polo deseño e construción de prototipos ata a avaliación por parte dos usuarios. A documentación do proceso e a difusión de resultados, incluídas as propostas de mellora, rematarán na autoavaliación da experiencia por parte de todos os implicados: alumnado, profesorado e maiores dos centros colaboradores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Por un uso sostible da auga	Deseño de sistemas de rego e aforro de auga como proposta de solución ao problema da carestía da auga e a crecente	100	35	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Por un uso sostible da auga	necesidade de alimento. Deseño e construción de prototipos que resolvan problemas concretos no centro educativo e contribúan a unha melloría na calidade de vida dos nosos maiores nos centros residenciais e de día do concello. Achegamento ao "método científico" como procedemento de investigación, deseño, formalización e difusión de resultados en contraposición ás "deep fakes" e o negacionismo climático.	100	35	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Por un uso sostible da auga	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar a secuencia das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Propoñer posibles solucións ás incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización dun proxecto tecnolóxico con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos. Durante a realización do proxecto, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo para afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade para reducir as fendas dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-taller de tecnoloxía.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Laboratorio de Bioloxía.
Materiais e instrumentación propia do laboratorio de Bioloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro.
Biblioteca.
Invernadoiro.
Polo creativo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións do curso, realizarase un cuestionario oral e colectivo acerca das competencias adquiridas en primaria relacionadas cun proxecto de investigación. A observación será recollida nunha folla de rexistro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100	100
Táboa de indicadores	100	100

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

O Procedemento de Avaliación do grao de consecución de todos os criterios de avaliación consistirá na Análise de Producións do alumnado.

Os instrumentos a empregar na análise de producións axustaranse ao tipo de tarefa, actividade ou proxecto. Consistirán na aplicación de escalas de observación numéricas a producións escritas e gráficas, tanto analóxicas como dixitais, producións audiovisuais, exposicións públicas, investigacións, comunicacións e difusión do traballo realizado, manexo dos espazos e ferramentas académicas, tanto físicas como virtuais, colaboración no traballo en equipo, etcétera.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cada produción do alumno ten asignada una valoración en puntos, segundo a súa dificultade e/ou extensión, así como a repartición dos mesmos segundo os criterios de cualificación reflectidos na descrición da proposta de cada unha delas.

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, a terceira avaliación coincide coa avaliación final, virá dada pola porcentaxe das cualificacións obtidas respecto do total das tarefas propostas dende o comezo do curso ata ese momento. Por exemplo, a cualificación nun determinado momento no que o alumnado acadase 800 puntos dun total de 1000 puntos posibles (polo valor das propostas realizadas ata ese momento dende o comezo do curso) sería de 8.

Para o cálculo do redondeo aplicaranse as seguintes regras, decimal a decimal ata chegar ao número enteiro, entre 1 e 10, que figurará no boletín de notas do alumnado:

Regra 1: se a última cifra do número que queremos redondear é menor que 5, deixaremos sen modificar o último dígito. Por exemplo: 5,554 sería 5,55.

Regra 2: se a última cifra do número que queremos redondear é igual ou maior que 5, aumentarase o valor ata o seguinte número máis próximo. Por exemplo: 5,55 sería 5,6.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas, que non superou no seu momento, que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

Establécense dous períodos de recuperación xerais: o primeiro entre o remate da primeira avaliación e fin de ano, e o segundo entre o remate da segunda avaliación e o remate das vacacións de Semana Santa. En ámbolos casos, o alumnado conta coa axuda do profesorado nas sesións presenciais e por correo electrónico nos períodos vacacionais. Todo iso, a maiores da retroalimentación habitual posterior a cada entrega. En calquera caso, e coa anticipación debida antes da realización da avaliación final, o profesorado analizará a consecución de obxectivos por parte do alumnado co fin de determinar a necesidade ou non dunha intervención encamiñada á superación do curso por parte do alumnado.

De xeito puntual e para situacións excepcionais como puideran ser unha incorporación tardía ou baixas por enfermidade, por exemplo, o profesorado proporá aqueles traballos e tarefas, non realizadas ou non superadas, no momento que considere máis oportuno para o alumnado co obxectivo de que este acade os criterios de cualificación que lle permitan superar a materia antes da avaliación final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia de Proxecto Competencial de 1º ESO pendente de superar, ao non tela superado en anos anteriores, deberá realizar as seguintes actividades:

- Realización e entrega periódica, a través do curso virtual específico, de actividades relativas ao curso.
- Todas as producións serán cualificadas segundo a extensión e/ou dificultade ata un máximo de 100 puntos. O seu

repartimento figurará en cada unas das descrições das actividades propostas.

- Para o cálculo da cualificación da materia pendente seguirase o mesmo procedemento que no curso ordinario.
- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba escrita final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdobramento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X
ET.11 - Formación estética.	X

	UD 1
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X

Observacións:

Comprensión de lectura: o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos. Expresión oral e escrita: elaboración de documentación técnica e exposición pública das producións realizadas. Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais. Competencia dixital: emprego de recursos dixitais no almacenamento da información procurada, na realización das producións propostas e na comunicación e difusión das mesmas. Especial fincapé nas ferramentas colaborativas en tempo real. Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos significativos. Espírito crítico e científico na procura de información relacionada cun proxecto de investigación. Educación emocional e en valores: xestión do traballo en equipo así como seguridade na rede e benestar dixital. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos. Creatividade: achegas e desenvolvemento de ideas creativas na realización de proxectos. Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nas producións. Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía. Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída didáctica relacionada co proxecto de centro.	O centro educativo comeza neste curso académico un proxecto de aprendizaxe-servizo interxeracional en colaboración coas residencias de maiores do concello.		X	
Participación no día da Ciencia na Rúa	Alumnado que expón nun stand as producións realizadas ao público en xeral. Visitar outros stand e relacionarse co alumnado doutros centros educativos.			X
Participación na feira científica Cullerciencia	Alumnado que expón nun stand as producións realizadas ao público en xeral. Visitar outros stand e relacionarse co alumnado doutros centros educativos.			X

Observacións:

- Obxectivos:

Coñecer a problemática asociada á vellez e propor solucións que melloren a calidade de vida cotiá.

- Profesorado:

O da materia.

- Alumnado participante:

Na aula, todo o alumnado da materia.

Na visita aos centros de maiores, unha representación de cada aula que transmita bidireccionalmente as necesidades e solucións.

Nas feiras científicas, o alumnado pertencente ao Club de Ciencia.

- Datas:

Terceiro trimestre.

- Repercusións económicas:

O material para a realización dos prototipos, obxectos ou sistemas, corre a cargo dos departamentos de Bioloxía e Tecnoloxía, da participación no proxecto de centro e do plan de formación do profesorado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Metodoloxía empregada
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, e co outro departamento implicado, comentaranse os indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través da aula virtual do centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Comprobarase a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

9. Outros apartados